

blece o procedemento que se seguirá para efectuarlo pagamento das mencionadas indemnizacións.

Para estes efectos, o artigo 1 dispón que o pagamento será realizado pola Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, mediante operacións de tesourería, procedendo, posteriormente, á súa aplicación a orzamento polo importe dos realizados no exercicio, agás os efectuados no mes de decembro, que se aplicarán ó orzamento do exercicio inmediato seguinte.

Os pagamentos realizados, por este concepto, no 30 de novembro de 1999, ascenden a 38.472.463.379 pesetas, dos que a aplicación a orzamento, que debe realizarse antes de que remate o exercicio, require a previa existencia de crédito e, en consecuencia, a aprobación do correspondente crédito extraordinario dado que non existen dotacións para esta finalidade nos vixentes orzamentos xerais do Estado.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de decembro de 1999,

## DISPÓN O:

### Artigo 1. *Concesión dun crédito extraordinario.*

Para proceder á aplicación a orzamento dos pagamentos realizados, ata o 30 de novembro de 1999, ós afectados pola síndrome tóxica, concédese un crédito extraordinario, por importe de 38.472.463.379 pesetas, ó orzamento en vigor da sección 31 «Gastos de diversos ministerios», servizo 08 «Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira», programa 633A «Imprevistos e funcións non clasificadas», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 48 «A familias e institucións sen fins de lucro», concepto 480 «Indemnizacións ós afectados pola síndrome tóxica, segundo sentenza da Sala Segunda do Tribunal Supremo do 26 de setembro de 1997».

### Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario, que se concede no artigo anterior, financiarase con débeda pública, de conformidade co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

### Disposición adicional única.

Para os efectos do disposto no artigo 2 do Real decreto lei 18/1999, do 5 de novembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito por importe total de 27.156.252.100 pesetas, para atender obrigas derivadas de gastos de investimento do Ministerio de Fomento, e se adoptan medidas urxentes referentes á rebaixa de tarifas das autoestradas de peaxe, e sen que isto implique modificación da cantidade de 17.814.000.000 de pesetas en que se fixaba o importe do suplemento de crédito, entenderanse comprendidas as expropiacións e servizos afectados relativos á autovía Mataró-Granollers, accesos provisionais entre a A-7 e o Centro Integrado de Mercancías do Vallés, desdobraemento da B-143 e Plata Sur do cinto de Barcelona.

### Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de decembro de 1999.

JUAN CARLOS R.

**24182** LEI 48/1999, do 20 de decembro, pola que se autoriza a participación de España na segunda reposición de recursos do Fondo para o Ambiente Mundial Reestructurado. («BOE» 304, do 21-12-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 14 de maio de 1991 os directores executivos do Banco Internacional de Reconstrucción e Desenvolvemento (BIRD) aprobaron a resolución 91-5, pola que se creou a fase experimental do Fondo para o Ambiente Mundial (FAM), incluídos o Fondo Fiduciario para o Ambiente Mundial e o Fondo Fiduciario para proxectos de defensa da capa de ozono.

Posteriormente, o 16 de marzo de 1994, os representantes de 73 Estados membros, entre os que se encontraba España, aprobaron o «Instrumento constitutivo do Fondo para o Ambiente Mundial Reestructurado».

O FAM Reestructurado naceu co obxectivo de constituir un dos principais mecanismos de financiamento de proxectos e actividades relativos ó ambiente mundial, asegurar unha administración transparente e democrática e promover a participación de tódolos países do mundo no Fondo.

Os recursos do novo FAM empregaranse para financiar proxectos e actividades que teñan por obxecto reducir as emisións de gases que provocan o cambio climático, preservar a diversidade biolóxica, dete-la contaminación das augas e protexe-la capa de ozono. Tamén se poderán financiar proxectos destinados a mitigar a degradación de terras, fundamentalmente desertificación e deforestación, sempre que estean relacionadas coas catro esferas de actividades do Fondo.

A Lei 9/1997, do 24 de abril, autorizou a participación do Reino de España no FAM Reestructurado e a contribución á primeira reposición de recursos por valor de 12,36 millóns de dereitos especiais de xiro sobre un volume total de recursos de 2.022,52 millóns de dólares.

A segunda reposición de recursos do FAM Reestructurado (FAM-2) ten como obxecto dota-lo Fondo Fiduciario do FAM nunha contía de 2.750 millóns de dólares para o período do 1 de xullo de 1998 ó 30 de xuño de 2002. Desa cantidade, España comprometeuse a achegar 12,03 millóns de dereitos especiais de xiro.

A política xeral de mantemento da presenza de España neste tipo de institucións financeiras multilaterais, así como a crecente preocupación polos problemas ambientais con consecuencias mundiais e a necesidade de contribuír ó desenvolvemento sostible ambientalmente dos países en desenvolvemento, aconsellan a participación de España nesta segunda reposición de recursos do FAM Reestructurado. O obxecto desta lei é a autorización para a participación de España na segunda reposición do Fondo Fiduciario do FAM conforme o exposto anteriormente.

Esta lei dítase en virtude dos títulos competenciais que a Constitución atribúe ó Estado no seu artigo 149.1.3.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup>, referidos ás relacións internacionais e ás bases e coordinación da economía.

## Artigo 1. *Participación.*

Autorízase o Goberno para adopta-las medidas precisas para que España participe na segunda reposición do FAM Reestructurado, nos termos da resolución 98-2 dos directores executivos do Banco Internacional de Reconstrucción e Desenvolvemento, o texto da cal se publica como anexo á presente lei.

## Artigo 2. *Contribución.*

De conformidade coa resolución citada no artigo anterior, autorízase que España realice unha contribución ó Fondo Fiduciario do FAM por un importe de 12,03 millóns de dereitos especiais de xiro, correspondente ó período do 1 de xullo de 1998 ó 30 de xuño de 2002.

## Artigo 3. *Pagamento da contribución*

Un. O pagamento por España do importe da contribución realizarase nas condicións previstas na resolución 98-2.

Dous. Os desembolsos necesarios para o pagamento da citada contribución realizaranse con cargo ás dotacións orzamentarias do Fondo de Axuda ó Desenvolvemento FAD que para este efecto se consignase nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado, consonte o calendario de pagamentos establecido.

Tres. O calendario de pagamentos previsto establece a emisión e depósito, no Departamento de Tesourería do Banco Mundial, de catro obrigas de pagamento, cada unha por valor do 25 por 100 da contribución española.

Estas obrigas de pagamento serán emitidas nas seguintes datas:

- a) 30 de novembro de 1999.
- b) 30 de novembro de 2000.
- c) 30 de novembro de 2001.
- d) 30 de novembro de 2002.

Catro. As obrigas de pagamento non serán negociables e non producirán xuros, sendo pagadoiras á vista do seu valor nominal e logo de solicitude do Departamento de Tesourería do Banco Mundial-BIRF.

### Disposición adicional única.

O Goberno enviará anualmente un informe ó Congreso dos Deputados sobre os proxectos e actividades financiados polo Fondo para o Ambiente Mundial Reestructurado, así como sobre a participación e achegas de España ó dito Fondo.

### Disposición derradeira primeira. *Autorización ós ministros de Asuntos Exteriores e de Economía e Facenda.*

Autorízase o ministro de Asuntos Exteriores e o de Economía e Facenda para adoptaren, no marco das súas respectivas competencias, cantas medidas sexan precisas para a execución do que dispón esta lei.

### Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 20 de decembro de 1999.

JUAN CARLOS R.

## ANEXO 1

### RESOLUCIÓN NÚMERO 98-2

#### Fondo Fiduciario do Fondo para o Ambiente Mundial (segunda reposición de recursos)

Considerando:

A) Que os participantes que contribúen ó Fondo Fiduciario do Fondo para o Ambiente Mundial (Fondo Fiduciario do FAM) (conxuntamente, «os participantes contribuíntes»; individualmente, «participante contribuínte»), tendo considerado as necesidades financeiras previstas do Fondo Fiduciario do FAM, concluíron que se deberán facer dispoñibles para o Fondo Fiduciario do FAM recursos adicionais para financiar os compromisos do período comprendido entre o 1 de xullo de 1998 e o 20 de xuño de 2002 (a «segunda reposición») e acordaron solicitar, cando for preciso, ós seus poderes legislativos que autoricen e aproben a asignación de recursos adicionais para o Fondo Fiduciario do FAM polas cantidades establecidas no apéndice 1 e de acordo coas disposicións establecidas aquí; e

B) Que o Consello do Fondo para o Ambiente Mundial («o Consello»), tendo considerado o resumo das negociacións da segunda reposición, incluídas as recomendacións de políticas feitas sobre a base do estudo xeral sobre o funcionamento do FAM durante a primeira reposición, solicitou ós directores executivos do Banco Mundial autorizaren o Banco Mundial para que actúe como administrador do Fondo Fiduciario do FAM para manter en fideicomiso e xestionar os recursos dispoñibles para a segunda reposición;

C) Que é desexable que se administre calquera fondo remanente da primeira reposición do Fondo do FAM autorizada polo instrumento para o establecemento do Fondo para o Ambiente Mundial Reestructurado (o «instrumento») e establecido pola resolución 94-2 dos directores executivos do Banco Internacional de Reconstrucción e Desenvolvemento («o Banco Mundial»), adoptada o 24 de maio de 1994 como parte da segunda reposición;

D) Que o Banco Mundial, tal e como está establecido no parágrafo 8 e anexo B do instrumento (adoptado de acordo coa resolución n.º 94-2 dos directores executivos), é o depositario do Fondo Fiduciario do FAM e, nesa capacidade, manterá en fideicomiso e xestionará os recursos dispoñibles para a segunda reposición.

Por tanto, os directores executivos do Banco Mundial pola presente resolución destacan con aprobación a reposición do Fondo Fiduciario do FAM nas cantidades e sobre a base establecida aquí e autorizan o Banco Mundial como depositario do Fondo Fiduciario do FAM (o «depositario») para xestionar os recursos dispoñibles para a segunda reposición da seguinte maneira:

#### 1. Contribucións:

O Banco, na súa calidade de depositario do Fondo Fiduciario do FAM, está autorizado para aceptar as contribucións ó Fondo para o período comprendido entre o 1 de xullo de 1998 e o 30 de xuño de 2002:

- a) Mediante doazóns de cada participante, polos montantes especificados para cada un deles no apéndice 1; e
- b) Outras achegas en condicións que estean en consonancia coa presente resolución.

#### 2. Instrumentos de compromiso:

a) Os participantes contribuíntes á segunda reposición entregarán ó depositario un instrumento de compromiso que se axuste substancialmente ó modelo do apéndice 2 (instrumento de compromiso);

b) Cando un participante contribuínte conveña en pagar unha parte da súa contribución sen reservas e o resto estea suxeito á aprobación polo seu Parlamento da necesaria lei de orzamentos, depositará un instrumento de compromiso condicionado que sexa aceptable para o depositario («instrumento de compromiso condicionado»); o dito participante comprométese a facer todo o posible por obter a aprobación parlamentaria do importe total da súa contribución como moi tarde nas datas de pagamento establecidas no parágrafo 3.

3. a) As construcións ó Fondo Fiduciario do FAM en virtude da alínea a) do parágrafo 1 pagaranse, á discreción de cada participante contribuínte, en efectivo o 30 de novembro de 1998, ou en cotas ou mediante o depósito de obrigas de pagamento ou obrigacións similares en cotas.

b) O pagamento en efectivo conforme a alínea a) efectuarase nas condicións convidadas entre o participante contribuínte e o depositario, as cales non serán menos favorables ó Fondo Fiduciario do FAM có pagamento en cotas.

c) O pagamento en cotas que un participante contribuínte conveña en efectuar sen reservas será aboadado ó depositario en catro cotas iguais o 30 de novembro de 1998, o 30 de novembro de 1999, o 30 de novembro de 2000 e o 30 de novembro de 2001, estipulándose que:

i) O depositario e cada participante contribuínte poden convir nun pagamento nunha data anterior;

ii) Se a segunda reposición non se fai efectiva (tal e como establece o parágrafo 6) o 31 de outubro de 1998, o pagamento da primeira cota pode ser adiado polo participante contribuínte por un prazo de non máis de trinta días contando desde a data na que a segunda reposición entre en vigor;

iii) O depositario pode convir en adiarlo pagamento de calquera cota ou parte dela se a suma debida, xunto con calquera saldo non utilizado de pagamentos anteriores do participante contribuínte, é, polo menos, igual ó importe que deberá ser aboadado polo participante contribuínte segundo a estimación do depositario, ata a data correspondente á cota seguinte, para cumprirlos compromisos contraídos conforme o Fondo Fiduciario do FAM; e

iv) Se un participante contribuínte entrega ó depositario un instrumento de compromiso despois da data en que é pagadoira a primeira cota da contribución, o pagamento de calquera cota, ou de parte dela, deberase efectuar ó depositario dentro dos trinta días contados desde a data da dita entrega.

d) Se un participante contribuínte depositou un instrumento de compromiso condicionado e posteriormente notifica ó depositario que unha cota, ou una parte dela, deixou de ter reservas despois da data en que era pagadoira, nese caso o pagamento desa cota ou de parte dela deberase efectuar dentro dos trinta días contados desde a notificación.

4. Forma de pagamento en cotas:

a) Os pagamentos efectuaranse, á discreción de cada participante contribuínte, en efectivo, nas condicións convidadas entre o participante contribuínte e o depositario, que non deberán ser menos favorables ó Fondo Fiduciario do FAM có pagamento en cotas, ou mediante o depósito de obrigas de pagamento ou obrigacións similares emitidas polo Goberno do participante contribuínte ou o depositario designado polo participante contribuínte, obrigas de pagamento que non serán negociables e non producirán xuros, e serán pagadoiras á vista do seu valor nominal na conta do depositario.

b) O depositario converterá en efectivo as obrigas de pagamento ou obrigacións similares, en aproximadamente proporcións iguais entre os doadores, en inter-

valos de tempo razoables na medida do necesario para os desembolsos e transferencias a que se fai referencia no parágrafo 8, segundo o determine o depositario. Por petición dun participante contribuínte que tamén reúna os requisitos para recibir recursos do Fondo Fiduciario do FAM, o depositario pode permitir que se adie a conversión en efectivo durante un período de ata dous anos no caso de o participante contribuínte estar atravesando unha situación orzamentaria excepcionalmente difícil.

c) Con respecto a cada unha das contribucións en virtude da alínea b) do parágrafo 1, os pagamentos efectuaranse de conformidade cos termos en que as ditas contribucións fosen aceptadas polo depositario.

5. Moeda de denominación e de pagamento:

a) Os participantes contribuíntes denominarán as súas contribucións en dereitos especiais de xiro (DEX) ou nunha moeda de libre convertibilidade, segundo o determine o depositario, coa excepción de que, se a economía dun participante contribuínte rexistrou unha taxa de inflación superior a unha media dun 10 por 100 anual no período 1994-1996, segundo o determine o depositario na data de aprobación desta resolución, a súa contribución será denominada en DEX.

b) Os participantes contribuíntes deberán efectuar os pagamentos en DEX, nunha moeda utilizada para a valoración do DEX ou, se media o acordo do depositario, noutra moeda de libre convertibilidade. O depositario pode, á súa discreción, converter as sumas recibidas ás ditas moedas.

c) Cada participante contribuínte manterá, con respecto da súa moeda pagada ó depositario e á moeda do participante contribuínte derivada do pagamento, a mesma convertibilidade que existía na data de aprobación desta resolución.

6. Data de entrada en vigor:

a) A segunda reposición entrará en vigor, e os recursos que han ser achegados a ela de conformidade con esta resolución serán pagadoiros ó depositario, na data en que varios participantes contribuíntes con contribución que ascenda a un montante global de non menos de 1,160 millóns de DEX, teñan entregado ó depositario instrumentos de compromiso ou instrumentos de compromiso condicionados (a «data de entrada en vigor»), sempre que esta data non sexa posterior ó 31 de outubro de 1998, ou unha data posterior que determine o depositario.

b) Se o depositario establece que hai probabilidades de que a data de entrada en vigor se postergue indebidamente, convocarase sen tardanza para unha reunión dos participantes contribuíntes co fin de examinar a situación e consideraren as medidas que se han adoptar para impedir a interrupción do financiamento do FAM.

7. Anticipo de contribucións:

a) Co fin de evitar unha interrupción da capacidade do FAM para contraer compromisos de financiamento á espera da entrada en vigor da segunda reposición, e se o depositario recibiu instrumentos de compromiso de participantes contribuíntes con contribucións que ascenden a unha cantidade global de non menos de 290 millóns de DEX, antes da data efectiva do dito establecemento o administrador pode considerar que ata unha cuarta parte do importe total de cada unha das contribucións para as cales se entregase un instrumento de compromiso ó administrador depositario, é unha contribución anticipada, a menos que o participante contribuínte especifique outra cousa no seu instrumento de compromiso.

b) O depositario especificará en qué momento se lle deberán aboar as contribucións anticipadas conforme a alínea a) precedente.

c) Os termos e condicións aplicables ás contribucións en virtude desta resolución aplicaranse tamén ás contribucións anticipadas ata a data efectiva do establecemento, momento en que se considerará que tales contribucións constitúen un pagamento aplicable ó montante que deba cada participante contribuínte respecto da súa contribución.

8. Facultade para contraer compromisos ou efectuar transferencias:

a) As contribucións pasarán a estar dispoñibles para que o depositario contraia compromisos para efectuar desembolsos ou transferencias, segundo for preciso, en virtude do programa de traballo aprobado polo Consello conforme a alínea c) do parágrafo 20 do instrumento e do orzamento administrativo aprobado polo Consello baixo a alínea j) do parágrafo 20, na data en que o administrador recibe o pagamento das contribucións establecidas nas alíneas a) e b) do parágrafo 1, salvo o disposto na alínea c) deste parágrafo.

b) O depositario informará sen tardanza os participantes contribuíntes se un participante que depositou un instrumento de compromiso condicionado e con contribución que represente máis do 20 por 100 do importe total dos recursos que se deben achegar conforme a segunda reposición, non eliminou as reservas respecto de, polo menos, o 50 por 100 do montante total da súa contribución o 30 de novembro de 1999, ou cumpridos trinta días da data efectiva de establecemento, se esta última for posterior, e de polo menos o 75 por 100 do montante total da súa contribución o 30 de novembro de 2000, ou cumpridos trinta días da data efectiva de establecemento, se esta última fose posterior, e da contribución total o 30 de novembro de 2001, ou cumpridos 30 días da data efectiva de establecemento, se esta última fose posterior.

c) Dentro dos trinta días contados desde o momento en que o depositario enviase a notificación prevista na alínea b) precedente, calquera outro participante contribuínte pode notificar ó depositario por escrito que o compromiso contraído polo depositario respecto dos tramos segundo, terceiro ou cuarto, conforme corresponda, da contribución do dito participante será adiado mentres calquera parte da contribución mencionada na alínea

b) siga condicionada; durante o dito período, o depositario non contraerá compromisos con respecto ós recursos de que trata esta notificación, a menos que o participante contribuínte renuncie ó dereito conforme a alínea d) seguinte.

d) Calquera participante contribuínte pode renunciar por escrito ó dereito establecido na alínea c) precedente, e considerarase que renunciou a el se o depositario non recibe unha notificación por escrito conforme a dita alínea dentro do período que se especifica nela.

e) O depositario consultará os participantes contribuíntes cando, ó seu xuízo: i) haxa unha gran probabilidade de que non se lle poida prometer sen reservas ó depositario o pagamento do montante total da contribución mencionada na alínea b) precedente para o 30 de xuño de 2002, ou ii) como resultado de os participantes contribuíntes exercerem os seus dereitos conforme a alínea b), o depositario se vexa impedido de contraer novos compromisos para efectuar desembolsos ou transferencias ou prevexa que o estará a curto prazo.

f) A capacidade para contraer compromisos e efectuar transferencias quedará aumentada por:

i) O ingreso proveniente do investimento de recursos mantidos no Fondo Fiduciario do FAM á espera de que o depositario efectúe desembolsos ou transferencias;

ii) As sumas comprometidas e non desembolsadas a obrigaición das cales fose cancelada; e

iii) Os pagamentos recibidos polo depositario por concepto de reembolsos, xuros ou cargos correspondentes a préstamos efectuados polo Fondo Fiduciario do FAM.

g) A capacidade para contraer compromisos e efectuar transferencias quedará reducida no montante correspondente ó reembolso dos gastos administrativos que se impute ós recursos do Fondo Fiduciario do FAM segundo o determine o depositario sobre a base do programa de traballo e o orzamento aprobados polo Consello.

h) O depositario poderá concertar acordos co fin de proporcionar financiamento con cargo ó Fondo Fiduciario do FAM, suxeito á condición de que o dito financiamento se faga efectivo e pase a ser vinculante para o Fondo Fiduciario do FAM cando o depositario poña ó dispor recursos para contraer compromisos.

## APÉNDICE 1

### Contribucións ó Fondo Fiduciario do Fondo para o Ambiente Mundial segunda reposición (FAM-2)

Contribuíntes	FAM 1 Cota básica Porcentaxe (1)	FAM 2 Contrib. básica — DEX (2)	Axuste para reposición total (b) — DEX (3)	Contribucións suplementarias adicionais — DEX (4)	FMAM 2 Total contribucións		FAM 2 Cotas actuais — Porcentaxe (2) + (3)
					DEX (5)	ML (c) (6)	
Alemaña .....	11,00	160,32 (d)	0,00 (f)	—	160,32	338,20	10,66
Australia .....	1,46	21,95	1,52	—	23,47	43,27	1,56
Austria .....	0,90	13,53	0,94	0,23	14,70	231,14	0,96
Bélxica .....	1,55	23,30	1,62	—	24,92	1.248,29	1,66
Canadá .....	4,00	60,13	4,17	—	64,30	122,09	4,28
Corea (i) .....	0,23	3,46	0,24	0,30	4,00	4.933,67	0,25
Dinamarca .....	1,30	19,54	1,36	—	20,90	193,16	1,39
España .....	0,80	12,03	—	—	12,03	2.463,66	0,80
Estados Unidos .....	20,86	313,35 (d)	—	—	313,35	430,00	20,84
Finlandia .....	1,00	15,03	1,04	—	16,07	116,70	1,07
Francia (e) .....	7,02	105,54	0,00 (f)	—	105,54	862,60	7,02
Grecia (i) .....	0,05	0,75	0,05	3,20	4,00	1.531,70	0,05
Holanda .....	3,30	49,61	3,44	0,00 (g)	53,05	144,94	3,53
Irlanda (i) .....	0,11	1,65	0,12	2,23	4,00	3,69	0,12
Italia (e) .....	5,30	65,97 (d)	—	—	65,97 (n)	143.000,00	4,39
Xapón .....	18,70	281,13	19,54	—	300,67	48.754,33	20,00

Contribuíntes	FAM 1 Cota básica Porcentaxe (1)	FAM 2 Contrib. básica — DEX (2)	Axuste para reposición total (b) — DEX (3)	Contribucións suplementarias adicionais — DEX (4)	FMAM 2 Total contribucións		FAM 2 Cotas actuais — Porcentaxe (2) + (3)
					DEX (5)	ML (c) (6)	
Luxemburgo (i) .....	0,05	0,75	0,05	3,20	4,00	200,37	0,05
Noruega .....	1,42	21,35	1,48	—	22,83	228,32	1,52
Nova Zelandia (i) .....	0,12	1,80	0,13	2,07	4,00	8,31	0,13
Portugal (i) .....	0,12	1,80	0,13	2,07	4,00	982,76	0,13
Reino Unido .....	6,15	92,46	6,40	2,37 (h)	101,23	85,25	6,58
Suecia .....	2,62	39,39	2,73	—	42,12	448,07	2,80
Suíza .....	1,74	26,16	1,81	4,00	31,97	64,38	1,86

Receptores	FMAM 2 Basica recipient contributions SDRm	Additional recipient contributions SDRm		
Arxentina (m) .....	4,00	—	4,00	5,49
Brasil .....	4,00	—	4,00	(*)
China (j) (m) .....	4,00	2,00	6,00	(*)
Costa de Marfil .....	4,00	—	4,00	(*)
Egipto .....	4,00	—	4,00	(*)
Eslovenia .....	1,00	—	1,00	(*)
India (f) (m) .....	4,00	2,50	6,56	323,83
México (m) .....	4,00	—	4,00	(*)
Nixeria (m) .....	4,00	—	4,00	(*)
Paquistán .....	4,00	—	4,00	(*)
República Checa .....	4,00	—	4,00	180,71
Rusia .....	4,00	—	4,00	(*)
Turquía .....	4,00	—	4,00	(*)
Contribucións totais DEX .....			1.450,00	
Contribucións totais (US\$) .....			1.991,14	
Remanente .....			687,00	
FAM1 (US\$):				
Subtotal (US\$) .....			2.678,14	
Non asignado (US\$) .....			71,85	
Total (US\$) .....			2.750,00	
Total DEX .....			2.003,98	

(a) A porcentaxe representa as contribucións á primeira reposición do FAM.

(b) As cantidades desta columna farían posible achegarse á cantidade total obxectivo da reposición.

(c) Moeda local. Baseado en tipos de cambio medios do período do 1 de maio ó 31 de outubro de 1997.

(d) As contribucións destes países están por baixo da súa cota básica ó FAM1; a cota básica ó FAM2 é do 10,66 por 100 para Alemaña, do 4,39 por 100 para Italia e do 20,84 para os Estados Unidos.

(e) Serán requiridos esforzos adicionais daqueles participantes que non contribuíron coa parte necesaria para logra-la reposición total do Fondo neste momento. Os ditos participantes indicaron a súa intención de realiza-los seus mellores esforzos para contribuír a cerra-la brecha.

(f) Alemaña está preparada para aumenta-la súa contribución nunha cantidade equivalente a 11,56 millóns de DEX suxeita a aprobación parlamentaria así como a liquidación de tódolos atrasos ó FAM1 por parte dos maiores participantes e á adecuada participación dos maiores participantes no cerramento da brecha. Francia está preparada para aumenta-la súa contribución nunha cantidade equivalente a 4,16 millóns de DEX nas mesmas condicións.

(g) (e)Tan axiña como se cumprisen as condicións da letra (f) Holanda estará preparada para dar unha contribución adicional suplementaria de 1 millón de DEX.

(h) A contribución adicional suplementaria será aumentada en 4,25 millóns de libras esterlinas (5,05 millóns de DEX) cando se cumpran as condicións da letra (e).

(i) Estes participantes acordaron axusta-las súas contribucións á alza ata o nivel de contribución mínima de 4 millóns de DEX.

(j) China e India acordaron contribuír con máis do nivel de contribución mínima de 4 millóns de DEX.

(k) Eslovenia non participou nas discusións da reposición pero, sen embargo, comprometeu 1 millón de DEX.

(l) Equivalente a 52,36 millóns de DEX.

(m) Espérase de seguida confirmación destes compromisos.

(n) Esta cantidade é o equivalente en DEX de 143.000 millóns de liras italianas resultante de desembolsa-la contribución ó FAM2, nun período de cinco anos en vez de dez anos.

(o) O axuste á reposición total e a contribución adicional suplementaria son o resultado de desembolsar 231,14 millóns de xilíns austríacos nun período de cinco anos en vez de dez anos.

(\*) Participantes cunha taxa media de inflación superior ó 10 por 100 durante un período de tres anos que vai desde 1994 a 1996 denominarán as súas contribucións en DEX.

## APÉNDICE 2

## Fondo Fiduciario do Fondo para o Ambiente Mundial

*Instrumento de compromiso*

Este instrumento relaciónase coa resolución número 98-2 dos directores executivos do Banco Internacional de Reconstrucción e Desenvolvemento titulada «Fondo Fiduciario do Fondo para o Ambiente Mundial: segunda reposición de recursos», adoptada o 14 de xullo de 1998 («a resolución»).

O Goberno ..... notifica por este instrumento ó Banco, na súa calidade de depositario do Fondo Fiduciario para o Ambiente Mundial, que, en virtude do parágrafo 2 da resolución, efectuará a contribución autorizada para o efecto no apéndice 1 da resolución, de conformidade cos termos da resolución, pola suma de .....

.....  
(Data) (Nome e cargo) (1)

(1) O instrumento debe ser asinado en nome do Goberno por un representante deste debidamente autorizado.

**24183** *LEI 49/1999, do 20 de decembro, sobre medidas de control de substancias químicas susceptibles de desvío para a fabricación de armas químicas. («BOE» 304, do 21-12-1999.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A preocupación da humanidade polas armas químicas, armas de destrucción masiva e indiscriminada, xa quedou reflectida en 1899 coa primeira Conferencia da Haia sobre desarme internacional.

Fitos importantes desta loita foron o protocolo relativo á prohibición do uso en guerra de gases asfixiantes, tóxicos ou similares e de medios bacteriolóxicos ou outros e dos métodos de guerra bacteriolóxica, asinado en Xenebra o 17 de xuño de 1925, e o convenio sobre a prohibición do desenvolvemento, produción e almacenamento de armas bacteriolóxicas e tóxicas e sobre a súa destrucción, asinado en Londres, Moscova e Washington o 10 de abril de 1972.

Un avance significativo neste proceso de loita contra as armas de destrucción masiva foi a Convención sobre a prohibición do desenvolvemento, a produción, o almacenamento e o emprego de armas químicas e sobre a súa destrucción, feita en París o 13 de xaneiro de 1993 e ratificada por España o 3 de agosto de 1994.

A citada convención ten como obxectivo último a erradicación definitiva das armas químicas, comprendendo non só o dispositivo bélico e as instalacións de fabricación e montaxe dos seus compoñentes, senón controlando tamén calquera produto químico ou de procedencia biolóxica que, directa ou indirectamente, coadruve á elaboración do dito tipo de armas.

En efecto, existen determinados produtos químicos que son utilizados para a fabricación de armas químicas ou que, mediante un proceso adecuado, poden chegar a selo —precursores—, pero que ó mesmo tempo se utilizan tamén na produción de materias de uso pacífico, motivo polo cal a Convención establece uns requisitos e normas de control que, sen interferiren en ningún modo nos devanditos procesos industriais de carácter civil, impidan o seu posible desvío para a elaboración de armas químicas. Esta dualidade no uso e produción de certas substancias químicas é a que xustifica a implantación dun sistema de verificación que garanta o cumprimento das obrigas asumidas por cada un dos estados parte.

Para tal fin, a Convención dispón no seu artigo VII a necesidade de establecer certas medidas nacionais de aplicación que aseguren o cumprimento das obrigas contraídas en virtude daquela, incluíndo a promulgación de leis penais con respecto a tales actividades.

Tamén destaca entre as medidas nacionais de aplicación a de que cada Estado parte adopte, de conformidade cos seus procedementos constitucionais, as medidas necesarias para lles prohibir ás persoas físicas e xurídicas que se encontren en calquera lugar do seu territorio que realicen calquera actividade prohibida pola Convención.

Ademais, prevé a designación ou establecemento dunha autoridade nacional que sexa o centro nacional de coordinación a quen se lle atribúe a responsabilidade de asegurar a nivel interno a aplicación efectiva das obrigas derivadas dela, ademais de servir de enlace cos demais estados parte e coa Organización para a Prohibición das Armas Químicas (OPAQ), creada «ex novo» pola citada Convención e con sede na Haia (Países Baixos). En desenvolvemento deste mandato, o Real decreto 663/1997, do 12 de maio, regula a composición e funcións da autoridade nacional para a prohibición das armas químicas en España (ANPAQ). Por outro lado, para garanti-lo seguimento continuado dos temas que se tratan na Haia, mediante o Real decreto 1271/1997, do 24 de xullo, créase a representación permanente de España na OPAQ.

A complexidade técnica da mencionada Convención e o feito de contar con certas disposicións non autoexecutables obrigan á promulgación desta lei que, ó abeiro do disposto nos artigos 149.1.26.<sup>a</sup> e 149.1.10.<sup>a</sup> da Constitución, sobre réxime de produción, comercio, tenza e uso de armas e explosivos e comercio exterior, respectivamente, ha permiti-lo exacto cumprimento das obrigas contraídas por España e ó mesmo tempo salvagardar e protexe-los lexítimos intereses españois de seguridade e industriais.

Esta lei consta de trinta e tres artigos distribuídos en catro títulos.

O título I delimita o ámbito funcional, persoal e territorial da lei. Ademais, recolle as definicións dos conceptos empregados pola lei, moitos dos cales proceden da Convención. Así mesmo, desde o punto de vista organizativo, régulase a autoridade nacional para a prohibición das armas químicas (ANPAQ), como órgano competente para as relacións de España coa Organización para a Prohibición das Armas Químicas (OPAQ) e cos demais estados parte da Convención no marco dela, así como para o exercicio das facultades de control previstas pola lei para asegura-lo cumprimento das obrigas contraídas por parte de España en virtude da Convención.

O título II, no seu capítulo I, establece a obriga das persoas físicas e os representantes legais das empresas e organismos que realicen actividades das previstas na Convención de subministraren os datos necesarios para o exercicio das funcións da ANPAQ. Recolle, así mesmo, a necesaria protección da información, establecendo un deber de confidencialidade que incumbe ás administra-